

NOTA DE PRENSA

Nueva Pescanova lanza o seu primeiro concurso infantil de relatos en galego

- A iniciativa, denominada “Grumetes polo futuro do mar”, ten como obxectivo promover a concienciación sobre a importancia de protexer os nosos océanos, mares e recursos mariños dende as idades máis novas.
- A compañía dará a coñecer os gañadores a mediados de maio, no marco da celebración do Día das Letras Galegas, como homenaxe á creación literaria nesta lingua.

Vigo, 10 de marzo de 2021.- O Grupo Nueva Pescanova acaba de convocar o primeiro concurso de relato infantil en galego. “Grumetes polo futuro do mar” é unha iniciativa que persegue dous obxectivos: favorecer a concienciación sostible respecto á importancia de coidar os nosos océanos, mares e recursos mariños, así como promover o uso da lingua galega entre as xeracións máis novas.

Con este concurso, a compañía convida a escolares residentes en Galicia con idades comprendidas entre os 8 e os 12 anos a compartir as súas reflexións a través dun relato dunha páxina de extensión, aproximadamente. Os participantes poderán enviar as súas creacións ó correo electrónico comunicacion@nuevapescanova.com ata o 25 de abril.

Un xurado, composto por membros das direccións corporativas de Comunicación e Relacións Institucionais e de Responsabilidade Social Corporativa do Grupo Nueva Pescanova, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e o Foro Enrique Peinador, valorará os textos recibidos en función da creatividade e orixinalidade dos mesmos, así como do uso adecuado da lingua galega.

Entre todos os relatos escollerase a un gañador e a dous finalistas, que a compañía dará a coñecer coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, como homenaxe á creación literaria nesta lingua. O gañador recibirá unha *tablet* e os dous finalistas un lote de produtos Pescanova.

O Grupo Nueva Pescanova, dedicado á pesca, cultivo, elaboración e comercialización de produtos do mar, mantén un firme compromiso coa xestión responsable dos recursos naturais e coa protección dos ecosistemas acuáticos e do medio ambiente. De feito, foi recoñecida como a empresa pesqueira do mundo con maior contribución ós Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas segundo o Seafood Stewardship Index elaborado pola Alianza Mundial de Referencias Comparativas (World Benchmarking Alliance).

A compañía emprega a máis de 10.000 persoas en 19 países de 4 continentes e vende os seus produtos en máis de 80 países de todo o mundo.